**ANEXO III**
**MODELO DE PROGRAMACIÓN DE PROBA LIBRE DE MÓDULOS PROFESIONAIS**



## 1. Identificación da programación

### Centro educativo

| Código | Centro | Concello | Ano académico |
|---|---|---|---|
| 36018173 | IES de Teis | Vigo | 2025/2026 |

### Ciclo formativo

| Código da familia profesional | Familia profesional | Código do ciclo formativo | Ciclo formativo | Grao | Réxime |
|---|---|---|---|---|---|
| IMP | Imaxe persoal | CMIMP01 | Estética e beleza | Ciclos formativos de grao medio | Réxime de proba libre |

### Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

| Código MP/UF | Nome | Curso | Sesións semanais | Horas anuais | Sesións anuais |
|---|---|---|---|---|---|
| MP0635 | Depilación mecánica e descoloración da peluxe | 2025/2026 | 0 | 140 | 0 |

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

### Profesorado responsable

| | |
|---|---|
| **Profesorado asignado ao módulo** | MARINA MARTÍNEZ MARTÍNEZ,TANIA TRIGO TRIGO,ROCÍO VILLAVERDE ABOAL (Subst.) |
| **Outro profesorado** | |

Estado: Pendente de supervisión equipo directivo

## 2. Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación

### 2.1. Primeira parte da proba

#### 2.1.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

| Resultados de aprendizaxe do currículo |
|---|
| RA1 - Prepara o espazo de traballo aplicando normas establecidas de mantemento e hixiene de equipamentos de depilación, e xustifica o procedemento |
| RA2 - Realiza a análise estética aplicando os protocolos establecidos para o proceso de depilación e descoloración da peluxe |
| RA3 - Selecciona procedementos de depilación e descoloración da peluxe, tendo en conta a relación entre as propiedades de cada técnica e as necesidades da persoa usuaria |
| RA4 - Executa técnicas de depilación mecánica, para o que selecciona o procedemento |
| RA5 - Executa técnicas de descoloración da peluxe utilizando os produtos axeitados |
| RA6 - Analiza os parámetros que definen a calidade nos procesos de depilación e descoloración da peluxe, controlando os aspectos que cumpra ter en conta na valoración de resultados |

#### 2.1.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado

| Criterios de avaliación do currículo |
|---|
| CA1.1 Asociáronse os espazos básicos onde se vaian desenvolver as actividades con cada proceso |
| CA1.2 Relacionáronse os equipamentos e os utensilios coas técnicas de eliminación ou disimulación da peluxe |
| CA1.3 Estudáronse as medidas de protección e seguridade do persoal e das persoas usuarias |
| CA1.4 Valorouse a importancia da utilización de material dun só uso |
| CA1.7 Recoñecéronse os factores de ambientación do espazo de traballo (ventilación, luz, cor, olor, etc.) como factor de calidade do servizo |
| CA1.8 Sinalouse a importancia da hixiene postural e a ergonomía para previr lesións óseas, circulatorias e musculares |

| Criterios de avaliación do currículo |
|---|
| CA1.13 Determináronse as medidas axeitadas para actuar en caso de riscos imprevistos |
| CA2.2 Explicáronse as normas deontolóxicas que se deben cumprir para manter a confidencialidade da persoa usuaria |
| CA2.3 Describíronse as aptitudes fundamentais para o desenvolvemento das actividades de depilación e descoloración da peluxe |
| CA2.4 Definíronse as actitudes e os principios básicos que debe adoptar o persoal profesional de estética e beleza |
| CA2.7 Determináronse alteracións do sistema piloso susceptibles destes tratamentos |
| CA2.8 Diferenciáronse alteracións cutáneas e vasculares con repercusión en depilación |
| CA2.9 Interpretrouse a demanda para corrixir alteracións estéticas causadas pola peluxe |
| CA2.10 Identificáronse reaccións adversas provocadas pola depilación e a descoloración da peluxe |
| CA2.12 Detalláronse as indicacións e as contraindicacións destes tratamentos |
| CA2.14 Identificáronse os tipos de cellas |
| CA3.1 Definiuse a terminoloxía e as técnicas de depilación e epilación |
| CA3.2 Diferenciáronse os métodos de depilación polas súas características ou xeito de aplicación |
| CA3.4 Determinouse a utilización dos métodos de descoloración segundo características da pel e do pelo onde se vaia aplicar |
| CA3.5 Identificáronse as propiedades, o xeito de utilización e a presentación dos cosméticos depilatorios |
| CA3.6 Describíronse as técnicas actuais de depilación mecánica |
| CA3.7 Describíronse as técnicas de depilación utilizadas a través da historia |
| CA3.8 Describíronse os aparellos utilizados en depilación con cera quente, morna e fría, indicando as pautas para a súa correcta utilización e conservación |
| CA3.9 Clasificáronse os utensilios, os equipamentos e os aparellos para a depilación mecánica |

| Criterios de avaliación do currículo |
|---|
| CA3.10 Identificáronse os cosméticos de utilización anterior e posterior á depilación, as súas propiedades e a forma de aplicación |
| CA3.11 Describíronse as propiedades, a presentación e o xeito de aplicación dos retardadores do crecemento da peluxe |
| CA4.1 Preparouse a zona de aplicación antes do tratamento |
| CA4.8 Valoráronse posibles efectos posteriores á depilación |
| CA5.2 Valoráronse as indicacións e as contraindicacións do tratamento |
| CA5.7 Axustáronse as proporcións e as concentracións dos axentes oxidantes e alcalinizantes segundo a zona que se vaia descolorar |
| CA5.9 Explicouse o proceso químico polo que se produce a descoloración |
| CA5.11 Finalizouse o tratamento con cosmética protectora |
| CA6.1 Identificáronse os indicadores de calidade nos procesos de depilación mecánica e descoloración da peluxe |
| CA6.9 Coñecéronse outros tratamentos asociados á depilación |
| CA6.10 Elaborouse un expediente técnico de depilación e técnicas complementarias |

## 2.2. Segunda parte da proba

### 2.2.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

| Resultados de aprendizaxe do currículo |
|---|
| RA1 - Prepara o espazo de traballo aplicando normas establecidas de mantemento e hixiene de equipamentos de depilación, e xustifica o procedemento |
| RA2 - Realiza a análise estética aplicando os protocolos establecidos para o proceso de depilación e descoloración da peluxe |
| RA3 - Selecciona procedementos de depilación e descoloración da peluxe, tendo en conta a relación entre as propiedades de cada técnica e as necesidades da persoa usuaria |
| RA4 - Executa técnicas de depilación mecánica, para o que selecciona o procedemento |
| RA5 - Executa técnicas de descoloración da peluxe utilizando os produtos axeitados |

| Resultados de aprendizaxe do currículo |
|---|
| RA6 - Analiza os parámetros que definen a calidade nos procesos de depilación e descoloración da peluxe, controlando os aspectos que cumpra ter en conta na valoración de resultados |

## 2.2.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado

| Criterios de avaliación do currículo |
|---|
| CA1.1 Asociáronse os espazos básicos onde se vaian desenvolver as actividades con cada proceso |
| CA1.4 Valorouse a importancia da utilización de material dun só uso |
| CA1.5 Mantivéronse as instalacións en condicións óptimas de hixiene |
| CA1.6 Controlouse o funcionamento e o bo estado dos equipamentos e dos aparellos |
| CA1.8 Sinalouse a importancia da hixiene postural e a ergonomía para previr lesións óseas, circulatorias e musculares |
| CA1.9 Aplicáronse as normas de control e almacenamento |
| CA1.10 Ordenouse e controlouse o almacén da área de depilación |
| CA1.11 Rexeitáronse materiais e produtos non axeitados, caducados ou en mal estado, e xestionouse convenientemente a súa eliminación |
| CA1.12 Aplicáronse os métodos de limpeza, desinfección e/ou esterilización necesarios |
| CA1.13 Determináronse as medidas axeitadas para actuar en caso de riscos imprevistos |
| CA2.1 Utilizáronse as técnicas de comunicación na fase de toma de datos |
| CA2.5 Realizáronse medidas de atención á clientela |

| Criterios de avaliación do currículo |
|---|
| CA2.6 Avaliáronse as características do pelo e a peluxe |
| CA2.8 Diferenciáronse alteracións cutáneas e vasculares con repercusión en depilación |
| CA2.10 Identificáronse reaccións adversas provocadas pola depilación e a descoloración da peluxe |
| CA2.11 Rexistráronse na ficha técnica os datos máis salientables para estes procesos, como a distribución e as características da peluxe |
| CA2.13 Adoptáronse actitudes e calidades profesionais como pulcritude, destreza manual, gusto estético, amabilidade, responsabilidade, organización, rapidez de reflexos, etc |
| CA2.15 Estableceuse a relación entre as cellas e o tipo de rostro |
| CA3.3 Seleccionáronse os métodos segundo a zona corporal e as características da pel ou do pelo que se vaia tratar |
| CA3.4 Determinouse a utilización dos métodos de descoloración segundo características da pel e do pelo onde se vaia aplicar |
| CA4.1 Preparouse a zona de aplicación antes do tratamento |
| CA4.2 Adaptáronse os protocolos de depilación facial e corporal para cada zona, tendo en conta as súas características |
| CA4.3 Efectuouse a depilación con cera quente, para o que se comprobou que a súa temperatura e viscosidade sexan as axeitadas |
| CA4.4 Realizouse a depilación con cera morna utilizando bandas de papel ou tecido, e espátulas ou roletes |
| CA4.5 Efectuouse a depilación por avulsión con pinzas |
| CA4.6 Executouse o proceso no tempo establecido |
| CA4.7 Finalizouse o tratamento utilizando produtos posdepilación e manobras manuais |
| CA5.1 Realizouse a proba de sensibilidade cutánea previa ao proceso de descoloración |
| CA5.2 Valoráronse as indicacións e as contraindicacións do tratamento |
| CA5.3 Preparouse o persoal profesional e a clientela cos equipamentos de protección individual e colectiva |

| Criterios de avaliación do currículo |
|---|
| CA5.4 Determinouse a cor da peluxe |
| CA5.5 Preparouse a zona antes do tratamento |
| CA5.6 Seleccionouse o produto axeitado para a descoloración |
| CA5.7 Axustáronse as proporcións e as concentracións dos axentes oxidantes e alcalinizantes segundo a zona que se vaia descolorar |
| CA5.8 Controlouse o tempo axeitado para a reacción esperada |
| CA5.10 Limpouse a zona de residuos descolorantes |
| CA5.11 Finalizouse o tratamento con cosmética protectora |
| CA6.2 Verificouse o grao de cumprimento dos protocolos establecidos |
| CA6.3 Controlouse o grao de eficacia do tratamento |
| CA6.4 Aplicáronse técnicas para identificar as fases do proceso onde se producirán desviacións sobre o resultado previsto |
| CA6.5 Utilizouse linguaxe técnica axeitada ao nivel e á profesión |
| CA6.6 Determinouse o mantemento posterior á depilación |
| CA6.7 Valorouse a calidade do servizo mediante preguntas que permitan coñecer o grao de satisfacción da clientela |
| CA6.8 Relacionáronse outras propostas de depilación avanzada |
| CA6.10 Elaborouse un expediente técnico de depilación e técnicas complementarias |

## 3. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

MÍNIMOS EXIXIBLES

BC1. Preparación do espazo de traballo

- A cabina de estética para procesos de depilación.
- Seguridade e hixiene nos procesos de depilación e descoloración da peluxe. Medidas deprotección para o persoal e a clientela.
- Precaucións, conservación e mantemento de aparellos, equipamentos e cosméticos utilizados en depilación: limpeza e desinfección e/ou esterilización de materiais e protocolos de actuación ante riscos inesperados.
- Hixiene postural e ergonomía.
- Prevención de accidentes e reaccións adversas.
- Xestión de residuos.

BC2. Realización de análise estética para depilación

- Actitudes e aptitudes profesionais.
- Deontoloxía profesional.
- Preparación da clientela.
- Ficha de clientela.
- Tipos e distribución de pelo e localización zonal da peluxe superflua.
- Estudo das cellas e a súa corrección.
- Identificación das alteracións do órgano cutáneo con repercusión no proceso da depilación.
- Identificación das alteracións estéticas corporais causadas pola peluxe.
- Hipertricose e hirsutismo.
- Alteracións de tipo vascular.
- Contraindicacións absolutas ou relativas na aplicación de tratamentos estéticos de depilación.

BC3. Selección de procedementos de depilación

- Concepto de epilación e depilación.
- A depilación a través da historia.
- Tipos de técnicas depilatorias: químicas e físicas.
- Materiais, utensilios e equipamentos de depilación mecánica: fundidores e aplicadores de cera quente e morna.
- Criterios para a elección de técnicas depilatorias: zona, cantidade de peluxe, duración e estado da pel.

- Tipos de depilacións mecánicas actuais: ceras quentes de baixa temperatura, ceras dun só uso, bandas adhesivas, etc. Métodos de aplicación.
- Cosméticos utilizados antes da depilación mecánica e despois desta.
- Cosméticos inhibidores ou retardadores do crecemento da peluxe.
- Precaucións no uso de aparellos, equipamentos e cosméticos de depilación mecánica.

BC4. Execución de técnicas de depilación mecánica

- Depilación mecánica: operacións previas; técnicas e execucións en función da rexión anatómica; efectos e contraindicacións.
- Protocolos de actuación no proceso de depilación con cera quente, con cera morna e con pinzas.
- Procedementos específicos para zonas corporais e faciais.
- Uso de bandas, espátulas e utensilios en función do método.
- Efectos non desexados e control de riscos en depilación.

BC5. Execución de técnicas de descoloración de peluxe

- Color da peluxe.
- Proba de sensibilidade.
- Cosméticos de uso previo e posterior á descoloración da peluxe.
- Criterios de selección e utilización dos productos para a descoloración da peluxe, nas súas formas cosméticas.
- Fundamentos da descoloración.
- Toxicidade e control de riscos.
- Grao de descoloración do pelo.
- Protocolo de actuación na descoloración da peluxe.
- Contraindicacións do tratamento.
- Protocolo de actuación fronte a unha reacción adversa dos produtos descolorantes.
- Medidas de seguridade e hixiene na aplicación da descoloración de peluxe
- Medios específicos de protección do persoal e da clientela.

BC6. Análise dos parámetros que definen a calidade nos procesos de depilación e descoloración da peluxe superflua.

- Control de calidade dos procesos de depilación mecánica e descoloración de peluxe.
- Factores de calidade destes procesos.
- Grao de satisfacción.
- Información doutros tratamentos asociados e proposta de depilación avanzada.
- Elaboración de expediente técnico de depilación e técnicas complementarias.
- Valoración dos resultados obtidos.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN:

A primeira parte da proba será teórica.

- Cualificarase de 1 a 10 e a persoa candidata e deberá deberá acadar un mínimo de 5 puntos.
- Esta proba terá unha duración de 90 minutos.

* Para poder pasar a segunda parte ou proba práctica, a persoa candidata debe ter como mínimo un 5 na primeira parte (parte teórica).

A segunda parte da proba será teórico-práctica.

A segunda parte da proba consta de dúas fases:
1º.-Fase escrita na que se desenvolverá o protocolo procedimental da/s proba/s propostas polo tribunal e na que estarán reflexadas tamén o material que se vai a utilizar na segunda fase: equipo persoal, profesional (mobiliario, útiles, aparellos, cosméticos, etc.) e o protocolo de execución da mesma.

2º.-Fase práctica se desenvolverá seguindo o escrito na fase anterior. Todo aquelo que non esté contemplado na fase anterior non se cualificará, e o que estando escrito non se desenvolva será contemplado negativamente.
Nesta proba, executaranse traballos prácticos relacionados aos mínimos exisibles que se detallan neste apartado.

A proba escrita terá un peso dun 30% e a proba práctica terá un peso dun 70% .
Esta parte da proba terà unha duración máximo de 2 horas.

A persoa candidata virá acompañada de un ou dous modelos susceptibles de executar neles calquera proba das que integran a programación de este módulo, así como útiles e cosmética para realizar as diferentes técnicas, vestimenta profesional e lencería (toallas, sabanillas)

A nota da segunda proba será a media ponderada das dúas fases.
Os traballos cualificaranse ata un máximo de 10 puntos e terá que acadar un mínimo de 5 puntos.

Para acadar a avaliación positiva no módulo a persoa candidata deberá superar a proba escrita e a proba práctica de xeito independente, cunha nota mínima dun 5 en cada unha delas.

## 4. Caracteríticas da proba e instrumentos para o seu desenvolvemento

### 4.a) Primeira parte da proba

Realizarase un exame teórico que constará de varias preguntas onde, para acadar a avaliación positiva (e pasar á segunda parte da proba) a persoa candidata deberá obter un mínimo de 5 puntos sobre 10, tendo carácter eliminatorio.

Consistirá en cuestións relativas ós contidos mínimos expostos no apartado 3.

INSTRUCCIÓNS:

- Será necesaria a identificación mediante DNI ou pasaporte, que deberá estar en todo momento sobre a mesa para a verificación por parte do profesorado.
- Esíxese extricta puntualidade.
- O candidato/a esperará na entrada do IES na data e hora fixadas ata que a persoa examinadora o/a vaia buscar.
- Está prohibido o emprego de: teléfonos móbiles, dispositivos de transmisión de información, calculadoras programadas, gráficas ou con capacidade para almacenar e transmitir datos. . O uso deles será motivo de expulsión da proba sen terse en conta o realizado ata ese momento no desenvolvemento da mesma.

Libro de consulta recomendado:
Depilación mecánica y decoloración del vello (Videocinco)..

A persoa aspirante deberá aportar:
- DNI
- Bolígrafo azul ou negro.

### 4.b) Segunda parte da proba

Para acceder a esta parte da proba, é necesario ter unha cualificación positiva na primeira parte da proba.

Realizarase unha ou varias probas prácticas, empregando os útiles, aparellos e cosméticos axeitados, no tempo e forma propostos polo tribunal avaliador.

En todo caso, a proba constará de dúas fases:
1º fase:
- Previamente á realización da proba detallarase, por escrito, a secuenciación das fases do proceso a realizar.
2º fase:
Execución dos procedementos prácticos propostos polo tribunal avaliador. Terase en conta na execución dos procedementos prácticos todo aquelo detallado na 1º fase desta proba, e non se avaliará aqueles aspectos que non queden recollidos por estrito.

A persoa canditata deberá achegar: vestiario profesional e tódolos útiles e materiais necesarios para o desenvolvemento dos traballos propostos, así como a lenzaría necesaria (toallas de distintos tamaños, sabaniña, etc.). Ademais deberá achegar un ou dous modelos, con peluxe suficiente para a realización das probas prácticas.

Os traballos prácticos consisitrán na execución de unha ou varias técnicas de depilación mecánica e descoloración da peluxe, propostos polo tribunal avaliador, sobre modelos reais:

- Unha depilación con cera quente
- Unha depilación con cera morna semisólida
- Unha depilación con roll-on
- Unha descoloración
- Un deseño e depilación de cellas

Antes de proceder a excecución práctica, a persoa aspirante deberá reflectir por escrito o procedemento a realizar.
A persoa aspirante deberá aportar os cosméticos, útiles e material pertinente, un ou dous modelos necesarios para a execución dos traballos propostos polo tribunal avaliador.

Non se permitirá a realización da proba aqueles aspirantes que non conteñan o material necesario para a súa realización.
Esta proba deberá complementarse coa explicación escrita do protocolo de traballo a seguir.
A persoa aspirante deberá obter unha cualificación de 5 puntos sobre 10 puntos para superar a proba.

INSTRUCCIONS:

- Rógase máxima puntualidade e infórmase que unha vez comezada aproba, ninguén poderá acceder á aula
- Será necesaria a identificación mediante o DNI ou pasaporte, que deberá estar en todo momento sobre a mesa para a verificacion por parte do profesorado
- Para o acceso ó taller onde se realizarán as probas deberán apagarse todos os dispositivos electrónicos, incluido o teléfono móbil. O uso destes dispositivos durante a proba será obxecto de expulsión.
- Unha vez comezada a proba, non poderá abandoar o taller ata pasados 30 minutos.
- A falta de asistencia ou puntualidade da/do modelo, entenderase como non presentada/o á proba por parte do alumnado aspirante.
- A persoa que exerza de modelo non poderá dar indicacións sobre o desenvolvemento da proba, de ser así, o exame será eanulado e será motivo de expulsión da proba sen ter en conta o realizado ata ese momento no desenrola da mesma.
- O uso de dispositivos prohibidos por parte da persoa modelo, será motivo de anulación do exame para o alumnado aspirante.
- A persoa aspirante será responsable das actuacións das/dos modelos elexidas/os para a realización da proba.
- Poderán excluír de calquera parte da proba as persoas aspirantes que leven a cabo calquera actuación de tipo fraudulento ou incumpran as normas de prevención, protección e seguridade, sempre que poidan implicar algún tipo de risco para si mesmas,modelos,  para o resto do grupo ou para as instalacións, durante a realización das probas.
- Duración da proba: 2 horas e 30 min